



CERTIFICADOS DE LINGUA PARA ADULTOS. UNHA ANÁLISE COMPARATIVA GALEGO-CATALANA

Xurxo Fernández Carballido
Universidade de Santiago de Compostela

Xa que se trata dun estudio comparativo comezarei pola conclusión. O sistema de certificados oficiais de lingua galega e catalana non se semellan en nada.

O sistema catalán caracterízase pola súa modernidade, pola súa adaptabilidade ás novas situacións sociolingüísticas e polo seu interese en proxectar, quer no dominio lingüístico catalán, quer fora del, a lingua catalana como un vehículo da máxima utilidade social, cultural e económica. Pola contra, o sistema galego é arcaico, anecdótico, é un simple testemuño dunha lingua viva, invariábel e estático ao longo de xa case vinte anos.

Pregunto: ¿Reflicte esta situación o interese e o valor social, político e cultural que lle dan os respectivos gobernos ás súas linguas?

Despois da conclusión achégome ao principio. Describirei brevemente os dous sistemas.

1. O sistema catalán de certificados de lingua no ensino non regrado

Na actualidade en Cataluña existe un sistema unificado e coheso que atende a dúas situacións ben diferentes:

1. Ámbito lingüístico catalán

A Generalitat de Catalunya sempre está moi atenta a todos aqueles procesos modernizadores que teñen como núcleo a lingua, deste xeito, desde que foi elaborado, por parte do Consello de Europa, o documento: *As linguas modernas: aprendizaxe, ensino, avaliación. Un marco común europeo de*

referencia no ano 2001 o goberno catalán fixo todo o posíbel para adaptar este documento á súa propia situación lingüística.

O obxectivo do *Marco* é proporcionar unhas bases comúns para a descrición dos obxectivos, contidos e métodos de aprendizaxe de linguas de modo que os cursos, os programas e as cualificacións describan dun xeito exhaustivo o que deben aprender as persoas á hora de se comunicaren e que coñecementos e habilidades deben desenvolver para seren capaces de actuar de maneira efectiva.

Xa con anterioridade á creación deste *Marco de referencia* a Generalitat estivo fortemente empeñada na creación da ALTE (Asociación de Avaliadores de Linguas de Europa) que é unha asociación que reúne organismos de diferentes países e que elaboran e administran probas de lingua e expedientan os certificados de coñecemento da lingua correspondente. Establecen, daquela, padróns comúns en todas as fases de avaliación de coñecementos de lingua: desenvolvemento, elaboración, administración, corrección e cualificación, información sobre os resultados e a súa análise. A ALTE foi creada en 1990 e na actualidade ten 27 membros que representan 24 linguas europeas. Infelizmente entre elas o galego non figura.

Tendo en conta o *Marco común europeo de referencia* e as indicacións da ALTE a Generalitat expide os seguintes certificados de coñecementos de lingua catalana, a través da Direcció General de Política Lingüística:

1. Certificado de nivel básico de catalán (A básico).
2. Certificado de nivel elemental de catalán (A elemental).
3. Certificado de nivel intermedio de catalán (B).
4. Certificado de nivel de suficiencia de catalán (C).
5. Certificado de nivel superior de catalán (D).

Para relativizaren os niveis de lingua dos que estou a falar o certificado de suficiencia é o equivalente ao nivel do antigo C.O.U, ou segundo de bacharelato.

Esta situación non é comparábel con o sistema galego onde só se contemplan os certificados de *Iniciación* e *Perfeccionamento*, que son equiparábeis ao nivel do antigo terceiro de B.U.P, ou primeiro de bacharelato.

2. Fóra do ámbito lingüístico do catalán

No día 5 de abril de 2002 foi constituído o *Instituto Ramon Llull* tras un acordo entre os parlamentos catalán e balear, este instituto ten como finalidade a proxección exterior da lingua catalana e da súa cultura, así como a súa difusión e a súa aprendizaxe fora do seu dominio lingüístico.

Deste xeito o Instituto Ramon Llull é o encargado de organizar as probas para a avaliación e a certificación dos coñecementos do catalán como segunda lingua. Ao mesmo tempo o Ramon Llull asume as competencias e as funcións en materia de promoción do ensino do catalán no estranxeiro lectorados, cursos de lingua, actividades culturais, que antes estaban adscritos á Direcció General de Política Lingüística.

Testemuño da actualización constante no ámbito da lingua e as súas novas realidades sociais, o Ramon Llull tamén dirixe as súas actividades ás persoas non residentes en Cataluña, a este respecto é de interese que reparemos nun dos seus parágrafos constitutivos:

(...) A condición aberta da sociedade catalana, na cal se incorporan constantemente persoas que non puideron estudar nos seus lugares de orixe, o incremento da mobilidade laboral e académica dos cidadáns da UE (...) e o aumento da inmigración procedente de países non comunitarios fan necesario manter un sistema de avaliación do coñecemento do catalán da poboación adulta que voluntariamente o desexa acreditar.

¿Modificouse en Galiza o sistema de ensino do galego non regrado para que se adaptase ás novas realidades sociais? Polo de agora nada se fixo. As actuais queixas dos profesores que dan cursos de galego; iniciación e perfeccionamento, derivan da situación nas aulas onde comparten aprendizaxe alumnos galegofalantes, castelanfalantes e inmigrantes que incluso non coñecen o castelán (lingua de referencia nestes cursos, lembremos) sen ningún tipo de criterio gradativo. Sen embargo todos acaban por ter o mesmo certificado, sen que haxa ningún tipo de proceso avaliativo.

O Institut Ramon Llull expide os mesmos cinco certificados que a Dirección Xeral de Política Lingüística e teñen a mesma validez e eficacia, en Cataluña, en Andorra e nas Illas Baleares o que dá unha idea da unidade lingüística do catalán.

En resumo, tralo decreto 152/2001 do 29 de maio, e as modificacións do decreto 52/2003 do 20 de febreiro, o sistema catalán de certificados de lingua para adultos ten cinco niveis elaborados por dúas institucións diferentes, a DXPL no ámbito catalán e o Institut Ramon Llull no ámbito exterior.

Comprenderán agora as miñas conclusións previas á miña exposición. No caso galego desde a publicación da orde do 1 de marzo de 1989 pola que se regulan os contidos dos cursos de *iniciación* e *perfeccionamento*, nada de novo foi feito. Só se incorporou o *certificado de cultura galega* nos programas no exterior pero que segue a estar illado dun sistema coherente de certificacións lingüísticas, de feito é posíbel que unha persoa teña o certificado de cultura galega sen ter o de iniciación.

A Dirección Xeral de Política Lingüística debería reestructurar dunha maneira radical este sistema de certificados de lingua para adultos no ensino non regrado, tanto dentro de Galiza, como no exterior, quer para os galegofalantes como para os non-galegofalantes e estranxeiros. O sistema catalán é un bo sistema onde nos poder ollar, e porque non, copiar. *O Marco* foi traducido para galego pola Xunta de Galiza pero non se modernizou o sistema de certificados, nin a súa avaliación. A existencia de numerosos lectorados de galego fora do seu ámbito lingüístico, por exemplo en Barcelona existen dous, tampouco posibilitou a elaboración de probas e avaliacións que recoñezan a lingua galega como unha lingua viva, útil e con futuro.

Se callar este é o problema, se callar as nosas autoridades políticas non acreditan nin na vida, nin na utilidade, nin no futuro do galego.

Fernández Carbadillo, Xurxo. “Certificados de lingua para adultos. Unha análise comparativa galego-catalana”. *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003*. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Edicións do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.